

## **CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN EN 2º BAC**

### **CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN:**

A ponderación efectuarase segundo as porcentaxes establecidas nas respectivas unidades didácticas.

#### **1. Criterios de avaliación**

A avaliación do curso, debido aos distintos contidos de literatura que se irán estudando, farase en principio e por acordo do Depto. por parciais, e non por avaliación continua. De todos modos, se o alumnado o solicita por maioría absoluta, poderase facer de maneira continuada, o que levaría á acumulación de contidos, isto é, en cada avaliación valoraríanse os contidos novos, pero tamén os anteriores do curso. Tras consulta co alumnado na 1ª semana de clases, este elixiu a avaliación por parciais.

Faranse, polo menos, seis probas ao longo do curso para avaliar os coñecementos dos alumnos. Serán dúas por avaliación: unha avaliará os coñecementos de Lingua e Literatura e outra comprobará a lectura e comprensión das lecturas obrigatorias. Nestas probas proporanse preguntas e exercicios de tipo similar aos que poden aparecer nas probas de PAU, que poderán tocar aspectos como:

- Características do xénero literario ao que pertence un fragmento.
- Localización do fragmento (autor, época, movemento estético o xeración...)
- Análises morfosintácticas: clasificación de palabras, de oracións...
- Creación de estruturas sintácticas determinadas ou de textos.
- Corrección de erros ortográficos, gramaticais...
- Busca de conectores e de outros mecanismos de cohesión
- Análise da coherencia global e estrutural do texto.
- Resumo e comentario crítico argumentativo dun texto
- Busca de sinónimos, antónimos, hiperónimos...

#### **2. Instrumentos de avaliación**

Para a avaliación do alumno teranse en conta os seguintes aspectos:

- probas escritas sobre os contidos conceptuais de Lingua e Literatura.
- lecturas obrigatorias das obras propostas e proba escrita sobre o seu contido, as súas características narrativas, dramáticas, estéticas...
- comentarios de textos, respectando sobre todo, aparte do contido, a coherencia e a corrección sintáctica

Nos traballos escritos serán valorados non só os contidos senón tamén a presentación, a expresión e a ortografía en todos os seus aspectos (ortografía da palabra, acentuación e puntuación).

Unha expresión correcta considérase, neste nivel de ensinanza, un mínimo esixible, de modo que un exceso de faltas de ortografía ou cometer faltas moi graves (do tipo: *llendo, lla, osea, aí, abrir...*) poderá impedir o aprobado do alumno.

### 3. Sistemas de cualificación:

Valorarase:

- \* **10%** as lecturas encomendadas polo profesor (cuxa avaliación cómpre aprobar), que serán as marcadas para a proba de PAU. Valorarase, sobre todo, que o alumno demostre ter lido o libro.
- \* **90%** para as probas específicas, nas que o alumno deberá mostrar os seus coñecementos sobre as materias de Lingua e Literatura.
- \* Realización das tarefas e traballos encargados polo profesor (**especialmente os comentarios de texto**) que determinará o redondeo á alza ou á baixa das notas (decimais) obtidas pola media ponderada (10%+90%) das probas mencionadas. (Exemplo: media de 4,51 e tarefas realizadas -> 5 / media de 4,99 e tarefas non realizadas --> 4)

**Aplicaranse os criterios de corrección de probas PAU ao respecto dos erros ortográficos:** poderase penalizar con ata un máximo de **2** puntos, contabilizando **-0.10** puntos cada falta de ortografía distinta (mal uso de grafías, uso de palabras doutro idioma ou inexistentes...), e con **-0,10** puntos cada dous erros distintos no uso dos acentos gráficos. A falta de coherencia, cohesión, mala puntuación e presentación..., puntuará en negativo en cada un dos exercicios da proba.

Para obter o aprobado cómpre aprobar cada un dos apartados mencionados, sendo necesario para facer media que a cualificación de cada proba específicas non sexa inferior a **3** (tres).

As probas escritas dividiranse en apartados tanto de contidos de Lingua como de contidos de Literatura, seguindo, no posible (pois deberán adaptarse aos contidos impartidos en cada avaliación) a estrutura das probas de PAU.

Concretamente, neste curso a estrutura da proba e os criterios de corrección serán **os aplicados nas probas PAU**, polo que remitimos á páxina da CIUG onde se recollen estes, ou á Aula Virtual da materia onde tamén aparecen recollidos:

<https://ciug.gal/gal/pau/lingualiteraturacastela>

<https://www.edu.xunta.gal/centros/iesagraorzan/aulavirtual/course/view.php?id=133>

#### **Avaliación final:**

O alumnado superará a materia tendo avaliación positiva nas tres avaliacións.

A media final será a media aritmética das medias das tres avaliacións; logo aplicaráselle o redondeo.

\* O alumnado que non asista a unha proba de exame poderá facelo noutra data se presenta xustificación documental desa falta de asistencia. De non xustificala documentalmente, só poderá realizar a proba na data fixada para a recuperación.

\*A aqueles alumnos que copien por calquera método nas probas escritas, estas lles serán anuladas e suspenderán a avaliación correspondente con independencia das notas obtidas na mesma. Actuarase da mesma forma se son sorprendidos usando o móbil ou calquera instrumento ou material que sexa sospeitoso de estar sendo utilizado para copiar.

## **CRITERIOS DE RECUPERACIÓN**

En caso de rematar unha avaliación con resultados negativos, realizarase unha proba escrita sobre o contido específico desa avaliación a comezos da avaliación seguinte (no caso da 3ª av. esta proba realizarase, obviamente, a finais de curso). En caso de obter cualificación positiva, será esta a nota que se terá en conta para a avaliación final. Por este motivo, tamén aquel alumnado aprobado pode presentarse ás probas de recuperación co fin de subir a súa media global.

En caso de non ter superada a materia segundo os anteriores supostos antes da avaliación final ordinaria, ao final do curso daranse dúas opcións de recuperación:

- o alumnado que teña unha avaliación suspensa fará só unha nova recuperación desa avaliación.
- o alumnado con dúas ou tres avaliacións suspensas terá que facer un exame final global de todo o curso (a menos que, de maneira excepcional, o profesor lle ofrezca outras opcións, como, por exemplo, recuperar só un parcial e acadar unha nota mínima para que a nota media chegue ao aprobado).

A cualificación será positiva en calquera destas probas en caso de acadar 5 ou máis puntos.

En caso de non superar a materia na convocatoria ordinaria, accederase a unha proba global extraordinaria que se realizará a finais de xuño, segundo calendario establecido por xefatura de estudos. A cualificación será positiva en caso de acadar 5 ou máis puntos.